IES Nº 1 - RIBEIRA

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CURSO 2017/18

Mª Luz Sánchez Ramos

# 1-ÍNDICE

2-Introdución e contextualización……………………………………………….................................................................3.

3-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave, concreción e estándares de aprendizaxe.....................5

4-Concreción de obxectivos por curso…………..……………..............................…………………………..……….7

5-Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable: Temporalización,Grao mínimo de consecución

Procedementos e instrumentos de avaliación

1º ESO………………………………………………………………………….................................................15

2º ESO…………………………………………...……..............................................…………………19

3º ESO…………………………………………………………………………................................................ 28

4º ESO……………………………………………………………………….........................................……… 39

1º BAC 1ª L.E e 2ª L.E………………......................................……………………………………….........52

2º BAC 1ª L.E…………………………………………………………………. ..............................................64

2º BAC 2ª L.E………………………………………………………………………..............................................81

6-Concrecións metodolóxicas………………………………………………......................................................….. 96

7-Materiais e recursos didácticos……………………………………………........................................................ 97

8-Criterios de avaliación, cualificación e promoción…………………………..................................................... 97

9-Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente.......................................98

10-Organización de actividades de seguimento e avaliación de materias pendentes...................................................99

11-Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos (Bach).....................................................100

12-Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.........................................................101

13-Medidas de atención a diversidade……………………………………….................................................102

14-Concreción dos elementos transversais por curso……………………….....................................................…..103

15-Actividades complementarias e extraescolares…………………..............................................……….104

16- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en función dos

resultados académicos e procesos de mellora……………………..…...................................................................105

17-Constancia e información ao alumnado…………………………………………...................................................106

RESUMO ………………………………………………………………….......................... ..............................................107

## 2-Introdución e contextualización

O espírito de toda a normativa empregada nesta Programación segue as recomendacións e progresións do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas. Neste senso, dáse unha importancia primordial á adquisición e ao desenvolvemento das Competencias Básicas que se incorporan ao currículo da Secundaria Obrigatoria ,así como aos cinco bloques en que se agrupan os contidos para a aprendizaxe da lingua estranxeira. Neste contexto do Marco Europeo Común de Referencia, os contidos e as competencias traballadas sitúanse entre as seccións A1 e A2 (para os niveis 1, 2 e 3).

O nivel 4 ten como obxectivo a consolidación dos niveis A1 e A2, unha idea xeral da primeira parte do nivel B1, así como as competencias descritas para o 4º ano da «ESO »nos niveis estatais e autonómicos. No final do proceso, os alumnos estarán preparados para presentarse aos exames dos niveis A1 e A2 do DELF (Diplôme International d'Études de la Langue Française).

Por outra parte, o aumento das relacións Internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos ou de acceso a medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual.

0 dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias, ao mesmo tempo que fomenta as relacións interprofesionais, favorece unha formación integral do individuo, e desenvolve o respecto por outros países, polos seus falantes e polas súas culturas -permítenos, ademais, comprender mellor a nosa propia lingua.

O NOSO CENTRO

No Centro impártense os seguintes ensinos:

- E.S.O.: 322 alumnos/as

- Bacharelato: 215 alumnos/as

- E.S.A.: 150 alumnos/as

- Bacharelato Adultos: 132 alumnos

- Alfabetización de Adultos: 20 alumnos

CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

a) Profesorado

O Claustro de profesores está composto por un total de 74 profesores; 59 deles con destino definitivo.

A estabilidade laboral do profesorado é unha característica que define o Centro.

b) Familias

Neste centro as familias son fundamentalmente de clase traballadora, das que unha alta porcentaxe tanto os pais coma as nais traballan.

c) Alumnado

No que respecta aos alumnos con problemas de adaptación e aprendizaxe, aparecen tres grupos claramente diferenciados:

1. Alumnos con leves problemas de aprendizaxe.

2. Alumnos con serias dificultades de aprendizaxe. Son alumnos con diferentes problemas e baixo nivel de competencia curricular que esixen un tratamento específico na adquisición das habilidades instrumentais básicas.

3. Alumnos con problemas de adaptación social e escolar.

Neste curso contamos tamén cun alumnado novo que necesita alfabetización en castelán pero que estivo escolarizado e que entenden o francés.

En canto o departamento de francés conta con alumnado en ESO, Bacharelato e Bacharelato de adultos. Incluso temos un grupo de 1º e outro de 2º de Bacharelato 1ª L.E en diúrno e noturno.

Relación de profesores do Departamento

O Departamento de Francés do IES Nº 1 está formado este curso 2017 -2018 por:

Mª Luz Sánchez Ramos profesora de Ensino Secundario con destino definitivo no centro e Xefa de Departamento e por Olga Fortes Malingre, profesora interina. O Departamento vén funcionamento a través dunha colaboración e dun traballo organizado en común polas docentes que o integran.

A coordinación realízase na reunión de departamento mensual que se celebrará en xeral ós xoves ás 09h50

.Reparto dos grupos:

- 1º ESO( A-B-C-D) 2ª LE : Mª Luz Sánchez Ramos

- 2º ESO (A-B-C ) 2ª LE: Olga Fortes Malingre

- 3º ESO (A-B) 2ª LE: Mª Luz Sánchez Ramos

- 4º -ESO (A-B-C) 2ª LE: Olga Fortes Malingre

-1º BACH 1ª L.E.: Mª Luz Sánchez Ramos

- 2º BACH 1ª L.E.: Olga Fortes Malingre

- 1º BACH 2ª L.E. : Olga Fortes Malingre

- 2º BACH 2ª L.E.: Mª Luz Sánchez Ramos

- 1º BACH 1ª L.E. Adultos: Olga Fortes Malingre

- 2º BACH 1ª L.E. Adultos:Olga Fortes Malingre

**3-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave, concreción e estándares de aprendizaxe.**

| **Competencias clave (ademais da competencia lingüística)** | **Estándares de aprendizaxe avaliables** |
|---|---|
| **Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía** | - Aprender a contar en francés<br><br>- Utilizar estes números nun contexto comunicativo, xogando coa noción de cantidade, inferior ou superior.<br><br>-Razoar de forma lóxica para deducir e apricar as regras aprendidas.<br><br>-Realizar procuras.<br><br>-Reutilizar números de forma lúdica utilizando a lóxica.<br><br>-Saber utilizar ferramentas tecnolóxicas para a súa aprendizaxe. |
| **Competencias sociais e cívicas** | -Observar con curiosidade o comportamento dos demais e respectar. Ser tolerantes.<br><br>-Participar nos intercambios orais e respectar a quenda dos demais.<br><br>-Descubrir o sistema escolar francés. Falar de si mesmo.<br><br>-Valorar a diversidade e o respecto aos demais, as diferenzas. Traballar de forma disciplinada e activa. Respectar o material común e persoal.<br><br>- Expresar e comprender puntos de vista diferentes aos seus.<br><br>-Ser capaz de traballar en grupo.<br><br>-Respectar a quenda de palabra.<br><br>- Facerlle ver ao alumno a importancia de respectar as regras do xogo.<br><br>-Desenvolver o coñecemento dos valores democráticos e a reflexión crítica das nocións de xustiza, igualdade, cidadanía e dos dereitos civís.<br><br>-Dar gran valor á amizade.Falar das relacións entre amigos<br><br>- Respectar o medio ambiente e valorar os xestos ecolóxicos na casa e no colexio. Sensibilizar os alumnos coa reciclaxe |

| | |
|---|---|
| | - Repartir as tarefas. Proporlle ideas ao grupo. Respectar o traballo dos demais. Aceptar as críticas. Compartir o mérito e a responsabilidade.<br><br>- Interesarse polo benestar persoal.<br><br>- Saber cando falar de vostede.<br><br>-Interesarse polo país do que estamos a aprender a lingua. |
| **Aprender a aprender** | - Perder o «medo» á lingua descoñecida: sendo consciente das semellanzas entre francés e español e comprobar que hai maneiras fáciles e divertidas de aprender (cancións, xogos).<br><br>-Desenvolver a capacidade de observación, dedución e de memoria.<br><br>-Utilizar estratexias de comprensión oral, reflexionar sobre unha regra gramatical, desenvolver o sentido da observación.Localizar elementos fundamentais<br><br>-Utilizar estratexias de comprensión oral. Exercitar a memoria. Recoñecer a importancia do xogo de rol e da linguaxe non verbal na aprendizaxe.<br><br>-Distinguir a lingua oral da escrita e valoralo como unha vantaxe. Valorar a importancia da interacción e a aprendizaxe<br><br>-Desenvolver estratexias para asociar elementos.<br><br>- Coidar a pronuncia e a entoación.<br><br>- Autoavaliarse e desenvolver o sentido da observación.<br><br>- Aceptar a avaliación dos demais e as críticas e saber defender unha opinión.<br><br>-Desenvolver estratexias para asociar elementos e utilizalas de forma crítica e sistemática. |
| **Sensibilidade e expresión cultural** | -Representar unha escena. -Descubrir un autor francés.<br><br>-Mostrar interese por Francia,así como polos seus símbolos.<br><br>-Interesarse pola cultura francesa. Desenvolver a súa creatividade e a súa habilidade manual.<br><br>- Adquirir coñecementos xeográficos.<br><br>-Utilizar a lingua con fins poéticos. |

| | |
|---|---|
| | -Observar e comentar unha ilustración.<br>-Desenvolver a creatividade e as habilidades manuais.<br>-Apreciar e aprender cancións e adiviñas.<br>-Interesarse pola vida cultural da súa cidade. |
| **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** | -Colaborar nun proxecto común.<br>- Expresar a súa opinión sobre o comportamento persoal na clase.<br>- Capacidade para traballar en solitario.<br>-Implicarse nunha aprendizaxe autónoma. |
| **Competencia dixital** | -Procurar información por Internet. Escribir nun blog.<br>-Preparar un soporte de presentación para unha tarefa final.<br>-Saber buscar información en Internet e utilizala de forma crítica e sistemátic<br>-Saber utilizar ferramentas tecnolóxicas para facer unha reportaxe. |

## 4. OBXECTIVOS

### 3.1 OBXECTIVOS DA ESO.CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das peroas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## OBXECTIVOS DA MATERIA POR CURSO

## 1º de ESO ( 2º L.E.)

1. Recoñecer e identificar o francés , aceptándoo como lingua de comunicación dentro da aula.
2. Adquirir e sistematizar a fonética, a ortografía e o léxico básico.
3. Comprender mensaxes orais sinxelos transmitidos por interlocutores diferentes.
4. Comprender a información global e específica de mensaxes orais sinxelos relacionados con temas familiares para o alumnado e previamente traballados.
5. Producir mesaxe orais sinxelos de forma comprensiva.

6. Identificar e empregar algunhas fórmulas de relación social, recoñecendo a súa importancia nas interaccións entre persoas.
7. Empezar a empregar interactivamente o francés nas situacións máis habituais da vida cotiá . (pedir e dar información, describir persoas e obxectos…)
8. Recoñecer o erro como parte integrante do proceso de ensino-aprendizaxe.
9. Ler de forma comprensiva documentos auténticos sinxelos,textos didácticos, de caracter persoal, de interese para o alumnado, recoñecendo a capacidade para comprender globalmente sin necesidade de entender todo e cada un dos elementos do mesmo.
10. Empregar outros elementos de axuda ao seu alcance para desarrollar a súa autonomía como fonte de enriquecemento persoal.
11. Producir mensaxes escritos sinxelos de cáracter prático e cartas informais así como comezar a familiarizarse coa redación de textos curtos descritivos e narrativos , recoñecendo os rasgos específicos dos códigos oral e escrito.
12. Fomentar a autonomía , reflexión e comprensión mediante a observación de fenómenos lingüísticos e as posteriores elaboracións e comprobacións de hipóteses sobre os mesmos
13. Tomar conciencia da pertenencia a unha sociedade multicultural .
14. Coñecer algúns aspectos culturais esenciais dos países francófonos.

**2º de ESO (2ª L.E.)**

1. Comprender mensaxes orais sinxelas, referidas ás situacións de comunicación máis habituais.

2. Comprender mensaxes escritas en francés relativas ás diversas situacións de comunicación.

3. Utilizar o francés como lingua prioritaria de comunicación no desenvolvemento da clase.

4. Utilizar a lingua estranxeira de forma oral para satisfacer as necesidades máis básicas de comunicación na aula, amosando interese por entender e por facerse entender.

5. Identificación de información específica en textos escritos.

6. Ler de forma comprensiva textos sinxelos, adecuados ás súas necesidades,capacidades e intereses, para poder acadar a información global.

7. Producir mensaxes escritas sinxelas en francés, respectando as regras básicas do código escrito.

8. Amosar en todo momento respecto e tolerancia cara aos compañeiros,profesor/a, países e falantes francófonos.

9. Aceptar os erros como parte fundamental no proceso ensinanza-aprendizaxe

10. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

11. Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).

12. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.

13. Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países onde se fala francés cos propios, identificando trazos básicos, evitando estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega e empregandoa con eficacia coma intermediaria lingüística para a resolución de malentendidos interculturais.

14. Utilizar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia previa nesas linguas á aprendizaxe da 2ª L. E.

15. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral,como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

16. Empregar de xeito adecuado os ordenadores da aula (Abalar) para obter información, solucionar dúbidas , establecer comunicación co profesorado e/ou compañeiros...

**3º de ESO (2ª L.E.)**

1. Comprender e expresar a información de mesaxes orais e escritos en situacións contextualizadas, servíndose de estratexias de comunicación coma noutras situacións , mediante a captación global da información.
2. Expresarse oralmente de forma sinxela integrando gradualmente novos contidos e perfeccionando as pautas de interacción.
3. Participar activamente nos intercambios comunicativos.
4. Comprender e expresarse por escrito en documentos sinxelos de forma correcta e axeitada en relación a situacións comunicativas concretas.
5. Comprender textos sinxelos extraendo información concreta.
6. Adquirir conciencia dos propios errores e dos alleos para avanzar na súa aprendizaxe.
7. Utilizar os coñecementos adquiridos na lingua materna para impulsar a aprendizaxe da segunda lingua extranxeira.
8. Valorar e integrar a cultura francesa e reflexionar sobre os aspectos similares e diferentes desta cultura coa súa propia.
9. Respectar e valorar as opinións e as produccións do grupo.

**4º de ESO (2ª L.E.)**

1.Comprender discursos orais e escritos en francés, e interpretalos cunha actitude crítica, recoñecendo as distintas finalidades e as situacións de comunicación en que se producen.

2.Aprender a relacionarse cos demais, especialmente en lingua estranxeira, e a participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, valorando criticamente as diferenzas e rexeitando os prexuízos sociais, así como calquera forma de discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social.

3.Comprender e producir con corrección varios tipos de mensaxes orais e escritas en lingua francesa, aplicando técnicas de análise e de síntese.

4.Construír e expresar discursos orais e escritos en francés con coherencia, cohesión e corrección, e con adecuación ás finalidades e situacións comunicativas.

5.Ter presentes os distintos rexistros que presenta a lingua francesa e empregalos axeitadamente tendo en conta as características do noso interlocutor, coñecendo á súa vez fórmulas utilizadas na comunicación cotiá que lle dan expresividade á conversa espontánea.

6.Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica, e valorar a lectura e a escritura como formas de comunicación que constitúen fontes de enriquecemento cultural e de pracer persoal.

7.Iniciarse na análise e interpretación de textos literarios escritos en francés, relacionándoos coa súa correspondente corrente e xénero literarios.

8.Escribir textos pertencentes a distintas tipoloxías e con distintas finalidades e intencións comunicativas, redactando de forma coherente, estruturada e cohesionada, e aplicándolles os contidos gramaticais e léxicos que se van aprendendo.

9. Recapacitar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua francesa nos niveis fonolóxico, ortográfico, morfolóxico, morfosintáctico, lexicosemántico e textual, e valorar as condicións de produción e recepción co fin de desenvolver a capacidade de regular as propias producións lingüísticas.

10.Desenvolver estratexias de aprendizaxe que permitan entender o contido de textos orais e escritos en francés, así como a información gramatical (morfolóxica, sintáctica e semántica) que se presenta, relacionando á vez a lingua estranxeira coa propia ou con outras estruturas lingüísticas que se coñezan.

11. Utilizar as linguas, e especialmente a francesa, como instrumentos para a adquisición de novas aprendizaxes, para a comprensión e mais a análise da realidade, para a fixación e o desenvolvemento do pensamento, e para a regulación da propia actividade, en uso de técnicas de manexo da información e das tecnoloxías da comunicación.

12.Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a xestión e a análise de datos e a presentación de traballos e informes na lingua estranxeira.

13.Recoñecer e analizar os elementos e as características dos medios de comunicación e valorar a súa importancia nas manifestacións culturais contemporáneas, recoñecendo nelas a importancia do mundo francófono, coa finalidade de ampliar destrezas discursivas e desenvolver actitudes críticas en relación coas mensaxes que conteñen.

14.Saber interpretar, valorar e producir mensaxes que utilicen varios códigos artísticos, científicos e técnicos coa finalidade de enriquecer as posibilidades de comprensión e expresión de forma precisa, creativa e comunicativa.

15.Utilizar na lingua estranxeira estratexias de identificación e resolución de problemas en distintas áreas de coñecemento, mediante a aplicación do razoamento lóxico, a formulación e mais o contraste de hipóteses.

16. Observar as posibilidades de interacción cos demais que nos brindan as linguas estranxeiras, e especialmente o francés, tanto na comunicación interpersoal como no acceso a contidos culturais, literarios e científicos de todo tipo

17.Identificar as linguas estranxeiras como elemento útil de comunicación interpersoal no caso de interaccións levadas a cabo noutros países cuxa lingua propia non sexa a nosa

18.Evitar calquera tipo de prexuízo que se manifeste lingüisticamente ou que teña na lingua o seu medio de expresión, descubrindo na diversidade das sociedades un factor de enriquecemento mutuo e valorando as linguas como medio de acceso a coñecementos que nos poden resultar útiles.

19.Coñecerse cada vez máis a si mesmo cunha imaxe positiva, exercer unha crecente autonomía persoal na aprendizaxe, buscando un equilibrio das distintas capacidades físicas, intelectuais (intelixencia lingüística) e emocionais, con actitude positiva cara ao esforzo e a superación das dificultades

20. Descubrir o valor da aprendizaxe de linguas estranxeiras, e en concreto da francesa, para acceder a información de contido diverso e coñecer manifestacións culturais que utilizaron e utilizan as linguas que se aprenden como instrumento de expresión.

21.Coñecer manifestacións culturais de distinto tipo que se desenvolvan en distintos países de fala francesa, relacionándoas coas propias se se estimar oportuno.

**3.2.-OBXECTIVOS DO BACHARELATO.**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 5- CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE O GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, CONTIDOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

| **Segunda Lingua Estranxeira: Français 1º de ESO** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1- COMPRENSIÓN ORAL** | | | | | | | |
| **OBXEC<br>-<br>TIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIZAXE** | **C.C** | **ESTÁNDARES MÍNIMOS** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | **TEMPORA-LIZACIÓN** |
| **a<br>c<br>d<br>i** | B1.1. uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) para obter o significado baseada, identificación de palabras clave; adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica<br>.<br>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.<br>B1.3. Perseveranza | **B1.1 Comprender preguntas e informacións sinxelas<br>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do<br>sentido xeral, a información<br>esencial<br>B1.3. Comprender o sentido<br>global e as informacións específicas máis relevantes<br>de mensaxes orais sinxelas<br>e moi básicas<br><br>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi<br>básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal,<br>sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.** | **SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa.Comprende preguntas básicas moi sinxelas sobre datos persoais ou educativos.<br>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas<br>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos** | **CCL, CAA, CSC, CCEC, CD.** | **SLEB1.1 Comprende preguntas sinxelas nome, idade, ,gustos, deportes<br>SLEB1.2 Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas cos que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula •<br>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves** | **.<br>Escoita o CD e intenta comprender asituación<br>Escoita á profesora, responde as preguntas.<br>Identifica ao falante ou falantes: Qui<br>parle? Qui est-ce?<br>Escoita e repite.<br>Escoita e responde.<br>Reutiliza as palabras ou expresións<br>para falar cos compañeiros/as.<br>Distingue entre afirmación ou pregunta.<br>Escoita e asocia debuxos ou fotos e letras.<br>Escoita e reordena; escoita e corrixe.<br>Asocia as frase ao debuxo.<br>Escoita e** | **Contamos con 68 horas por curso.<br><br>Â C. O dedicarans elle aproximad amen-te unhas 12 h.<br>,<br>As actividades de avaliación escrita e oral,<br>arredor de 10 horas.<br><br>15 horas serán necesarias para cada bloque restante: B2, B3 e B4.<br>O B5 traballaras e a** |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, | | (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.<br>SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás. a comprensión. confirmación dalgúns detalles.<br>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa<br>SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión | | (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito..<br>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar. | completa, Escoita e mostra sobre o debuxo.<br>Escoita e sabe dicir de qué se fala.<br>Pregunta palabras descoñecidas.<br>Escoita, observa e responde verdadeiro ou falso.<br>Distingue fonemas.<br>Escoita (dúas veces) e sinala a resposta correcta.<br>Escoita e numera as situacións | través das actividades dos catro bloques mencionados.<br><br>*Calculamos que algunhas horas perderanse por diferentes actividades realizada no centro ou fora dél, de aí que a previsión non sexa exacta. |
| **BLOQUE 2- PRODUCIÓN TEXTOS ORAIS** | | | | | | | |
| **OBXEC-TIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIZAXE** | **C.C** | **ESTÁNDARES MÍNIMOS** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | **TEMPORA-LIZACIÓN** |
| a<br>c<br>d<br>i | B2.1. Estratexias de produción:<br>a. Planificación<br>Adecuación do texto ao destinatarioao contexto e á canle,escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>b. Execución:<br>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.<br>Practica a pronuncia do novo vocabulario, da entonación da frase declarativa e | B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.<br>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios | SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.<br>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | SLEB2.1. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala ben.<br>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto | Observación do traballo na aula (2.1).<br>Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros (2.2).<br>Control oral (2.5).<br>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado EO: Expresión oral | 15 horas. |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | interrogativa e distingue ambas entonacións. Reutiliza en interacción cos compañeiros. Interroga ao teu compañeiro, pregunta, pide, da información. Fai unha presentación propia e da familia, dalgún amigo, dunha mascota... | claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecemen-tos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia,orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos,cantida-des e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | | social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos. SLEB2.5. Preséntase e da e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi básicos. | | |

## BLOQUE 3- COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

| OBXEC-TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | C.C | ESTÁNDARES MÍNIMOS | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORA-LIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a<br>c<br>d<br>i | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>–Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>-Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>–Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).<br>–Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>–Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.<br>-Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>▪B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas | B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis mportante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br>B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.<br>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.<br>B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos. | SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.<br>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.<br>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.<br>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, | CCL, CAA, CCE, CD | SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.<br>SLEB3.3. Comprende información básica e inxela de correspon-dencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.<br>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de precios. | Le e sinala as respostas correctas.<br>Le e escribe o nome segundo os gustos expresados.<br>Le as frases e asocia ás imaxes.<br>Responde ás preguntas despois de ler o texto.<br>Le e di se é verdadeiro ou falso.<br>Le e asocia os números de cada foto coas letras dos debuxos despois de ler o texto.<br>Asocia cada texto a unha foto.<br>Le o mail, blog, etc. do personaxe e responde as preguntas.<br>Le a publicidade e extrae algunha información precisa.<br>Busca palabras descoñecidas no Dicionario on line ou de papel.<br><br>Exercicios de comprensión escrita dos textos traballados (3.1).<br>Proba de comprensión escrita tipo DELF A1 (3.2).<br>Control de comprensión escrita (3.4).<br>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado CE: comprensión escrita. | 15 horas. |

## BLOQUE 4- PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

| OBXEC-TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | C.C | ESTÁNDARES MÍNIMOS | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORA-LIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a<br>c<br>d<br>i | B4.1 Estratexias de produción:<br>Planificación: (Repaso dos coñecemento s previos, uso de recursos adecuados),<br>Execución: (elaborar un borrador,estru turar contido, organizalo texto,)<br>Revisión: (identificar erros, repeticións, | B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con | SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.<br>SLEB4.2. | CCL, CAA, CCEC, CD. | SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).<br>SLEB4.4. Escribe mensaxes ou correspondenci | Completa un cuestionario sinxelo con información personal e relativa a su formación, intereses o aficiones (p. e. para suscribirse a unha publicación dixital).<br>- Escribe notas e mensaxjes (SMS, WhatsApp,), nos nos que fai breves comentarios ou da instrucións e indicaciónss relacionadas con actividades e | 15 horas |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | puntuación,, marxes, limpeza, letra. Rea definitiva e presentación. | axuda previa na aula.<br>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.<br>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.<br>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).<br>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.<br>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | | a moi breve e sinxela, a partir dun modelo, tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | situacions da vida cotiá e do seu interese, respetando as convencións e normas de cortesía .<br>- Escribe correspondencia personal breve na que mantén contacto social (p. e. con amigos en outros países);.<br><br>Exercicios de expresión escrita similares aos traballados na aula<br><br>Proba de expresión escrita tipo DELF A1<br>Control de comprensión escrita .<br>Revisión do caderno de clase: completo, limpo, ordeado.<br>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado<br>CE: comprensión escrita. | |
| **BLOQUE 5- COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE** | | | | | | | |
| OBXEC - TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | C.C | ESTÁNDARES MÍNIMOS | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORA-LIZACIÓN |
| a<br>c<br>d<br>i<br>o | B5.1.Patróns sonoros, acentuais e, rítmicos e de entoación básicos.<br>B5.2Patróns gráficos e convencións ortográficas.<br>B5.3 Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: actitude receptiva e respetuosa. Identificación de diferencias e similitudes esenciais,nos costumes cotiáns. Achegamento a os aspectos culturais visibles, hábitos, horarios, vivenda, familia, lecer, | B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, , e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade,aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.<br>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.<br>B5.3. Utilizar para a | SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.<br>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos. Produce con intelixibilidade léxico escrito e oral básico relativo aos saúdos, colexio horarios, materias, etc.), o corpo, adxectivos, cores, roupa, casa, o tempo atmosférico, descrición física, obxectos persoais, familia, animais domésticos, días, meses, estacións, alimentos e bebidas, números 1-100, lecer e deporte, e transportes.<br>SLEB5.2. Utiliza | <br><br>Exercicios diarios.<br>Control ao final de cada unidade.<br>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado<br>Proba gramatical | 15 horas. |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | alors que en attendant, tant que).<br>▪Exclamación (Comme si…!).<br>▪Negación (ne…que (ne explétif), omisión de " ne ", uso de " ne " solo (registre soutenu, ex: Si je ne me trompe, nous sommes arrivés)).<br>▪Interrogación (Question rapportée, ex: Il me demande à quelle heure commence le film?).<br>▪Expresión do tempo: presente; pasado; futuro (futur antérieur).<br>▪Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (de ces temps-ci…); habitual; incoativo (être prêt à…); terminativo.<br>▪Expresión da modalidade: factualidade; capacidade; posibilliade/probabilidade; necesidade; obriga/prohibición (n'avoir qu'à…, il n'y a qu'à…);▪ cortesía.<br>▪Expresión da existencia: os presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos y pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivais (mise en relief con ce qui, ce que, ce dont, ce à quoi; pron. relativos compostos (sur laquelle, grâce auquel, avec/sans lequel, entre/parmi lesquels, à qui, à côté duquel)); a cualidade; a posesión.<br>▪Expresión da cantidade: environ, à peu près, plus ou moins, le double, le triple…, un/ des tas de; artigos | evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | partitivos, Adv. de cantidad y medidas; y do grao (extrêmement, tellement, suffisamment).<br>▪Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination). | | | | | | |

| Segunda Lingua Estranxeira: Français 2º de BAC | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1- COMPRENSIÓN ORAL** | | | | | | | |
| OBXEC-TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | C.C | ESTÁNDARES MÍNIMOS | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORA-LIZACIÓN |
| a<br><br>c<br><br>d<br><br>e<br><br>f<br><br>g<br><br>i<br><br>j | B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). Reformulación de hipóteses a | B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br><br>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc...), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.<br><br>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, | CCL,<br><br>CAA,<br><br>CSC,<br><br>CCEC,<br><br>CD. | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc...), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.<br><br>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación. | Escoita á profesora e responde ás preguntas. Escoita o CD, DVD, documental, téléjournal, etc., e intenta comprender a situación. Escoita e capta a información relevante dun diálogo entre nativos sobre a vida cotiá; dun programa de radio ou gravación de tipo informativo ou publicitario sobre formación, expectativas e plans de futuro; ou dunha charla ou exposición acerca de temas coñecidos ou do seu interese (ámbito educativo e ocupacional, música, etc.). Escoita unha entrevista (sobre literatura, cine ou calquera outro tema de actualidade) e responde ás preguntas. Segue unha noticia breve dun telexornal ("7 jours sur la planète TV5") e é capaz de responder ás preguntas que se lle formulan. Identifica ao falante ou falantes,intencionalidade, e tema principal. Identifica etapas,circunstancias, actitudes, sentimentos, opinións, instrucións. Observa, anticipa, formula hipóteses: De qué ou de quén se fala? Escoita e verifica. Escoita (dúas veces) e responde. Completa o cadro coas informacións escoitadas. Pregunta palabras descoñecidas. Escoita, observa e responde verdadeiro ou falso. Distingue fonemas. Escoita e anota as informacións precisas solicitadas. Completa as | 20 horas<br><br>De 90 horas anuais, máis de 9 horas serán necesarias para actividades de avaliación e 20 horas aproximadamente para desenvol-ver actividades dos catro principais bloques. |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | partir da comprensión de novos elementos.<br><br>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos os seus elementos.<br><br>B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito. | informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br><br>B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.<br>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas | sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.<br><br>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades académicas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.<br><br>SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros educativos), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir, que se lle repita, ou que se reformule, aclaren erros..<br><br>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, | | SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades académicas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.<br><br>SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo: tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros educativos).<br><br>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses e a expresión de sentimentos.<br><br>SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co | frases coas palabras escoitadas. Escoita (dúas veces) e sinala a resposta correcta. | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados | cotiáns, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses e a expresión de sentimentos.<br><br>SLEB1.6.. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión | | ámbito educativo e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión | | |

## BLOQUE 2- PRODUCIÓN ORAL

| OBXEC-TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | C.C | ESTÁNDARES MÍNIMOS | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORA-LIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>C<br>d<br>e<br>f<br>g<br>I<br>j | B2.1. Estratexias de produción:<br><br>a. Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br><br>b. Execución: Concepción da mensaxe con claridade, | B2.1. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis | SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.<br><br>SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben | CCL<br><br>CAA<br><br>CSC<br><br>CCEC<br><br>CD | SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.<br><br>SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben | Fai unha presentación completa (persoal, familia, gustos, temas académicos e ocupacionais, idiomas, lecer, proxectos, etc.). Presenta unha solución práctica para un determinado problema ou situación non habitual (solicita atención, presenta unha reclamación, pide axuda, leva a cabo unha xestión formal, etc.). Expresa o teu punto de vista sobre o tema do texto, contrasta opinións coa clase. Conta un acontecemento importante do teu pasado. Interacción: pide e da información e instruccións con certo detalle. Encontro casual cun amigo da escola infantil. Compra algo seguindo consignas predetermina-das. Propón unha | 20 horas |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Exemplos de procedementos lingüísticos: modificación de palabras de significado parecido; definición ou reformulación dun termo ou expresión; uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta; petición de axuda, etc. Exemplos de paralingüísticos: sinalación de obxectos, usando deícticos ou realizando accións que aclaran o significado; uso da linguaxe corporal culturalmente | longas.<br><br>B2.2. Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experien-cias, acontece-mentos, sentimentos reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo detalle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos, como películas, música, libros, etc.<br><br>B2.3. Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación cotiás e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, | estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira se entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información e axuda.<br>SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; | | estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.<br><br>SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara sobre asuntos cotiáns nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.<br><br>SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que | actividade (cine, teatro) a un compañeiro e expresa aspectos abstractos de temas vinculados coa música, o cine, a literatura ou a actualidade. Expresa unha elección, xustifícaa e intenta convencer a alguén. Define unha problemática.. . | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal); uso de elementos cuasiléxicos ("hum", "puah", etc.) de valor comunicativo, etc.<br><br>B.2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.<br><br>B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación. | pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.<br><br>B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunica-ción.<br><br>B2.5. Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente | pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.<br>SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.<br>SLEB2.5. Toma parte en conversas formais e entrevistas de carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes | | poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información e axuda.<br><br>SLEB2.5. Toma parte en conversas formais e entrevistas de carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade. | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | os motivos de accións e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz | contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade. | | | | |
| **BLOQUE 3- COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | | | |
| **OBXEC-TIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS AVALIACIÓN** | **ESTANDARES DE APRENDIZAXE** | **C.C** | **ESTÁNDARES MÍNIMOS** | **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | **TEMPORA-LIZACIÓN** |
| b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>i<br>j | B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br><br>B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais | B3.1. Utilizar estratexias (recurso ás imaxes, a títulos e outras información s visuais, e aos coñecement os previos sobre o tema ou a situación de comunicació n, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e das expresións non coñecidas.<br><br>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.<br><br>B3.3. Comprender información relevante en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados , nos que se informa de aconteceme ntos, se describen accións, | SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.<br><br>SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, académico ou ocupacional (organización de grupos de traballo, | CC L<br><br>CA A<br><br>CS C<br><br>CC EC<br><br>CD | SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.<br>SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público institucional claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, académico ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de | Seleccion a información pertinente para realizar unha tarefa seguindo unhas consignas: escoller un curso para aprender francés no estranxeiro ou traballar sobre unha película, viaxe, etcBusca palabras descoñecidas no dicionario en papel ou on-line. Le o texto informativo, descritivo, publicitario, ou epistolar (carta ou mail de carácter informal, formal, oficinal ou institucional) e responde a unhas preguntas. Extrae información global e tamén precisa e detallada, a partir de textos xornalísticos informativos e argumentativos, cunha extensión media. Extrae información clave da lectura de textos sobre temas do seu interese, de carácter educativo ou ocupacional e relacionados con actividades de formación. Responde a preguntas sobre opinións ou sentimentos expresados. Cubre fichas de lectura identificando o argumento, o carácter dos personaxes principais, o lugar e o tempo no que se desenvolve a acción. Toma unha decisión tendo en conta as informacións do texto. Completa o cadro coa información do texto lido. Obtén información específica de dicionarios, enciclopedias, revistas ou páxinas web sobre temas educativos ou ocupacionais do seu interese. | 20 horas |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | (remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura). | persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.<br><br>B3.4. Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder e denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.<br><br>B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, | información sobre actividades de formación específicas, etc.).<br><br>SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas deseguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).<br><br>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.<br><br>SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.<br><br>SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos | | formación específicas, etc.).<br><br>SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).<br><br>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.<br><br>SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte, na que se describen feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.<br><br>SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).<br><br>SLEB3.7. Entende | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | tanto de carácter xeral como máis específico | electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).<br><br>SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias académicas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses. | | información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias académicas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses. | | |
| **BLOQUE 4- PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | | | |
| OBXEC-TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | C.C | ESTÁNDARES MÍNIMOS | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORA-LIZACIÓN |
| b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>i<br>j | B4.1. Estratexias de produción:<br><br>a. Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de | B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicaras estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), | SLEB4.1 Escribe corresponden-cia persoal e participa en foros blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas | CCL<br><br>CD<br><br>CAA<br><br>CSC<br><br>CCEC | SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, describe experiencias, narra feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | Conta unha experiencia persoal (viaxe, concerto, etc.) a través dun diario, foro, blog ou chat. Busca palabras descoñecidas no dicionario en papel ou on-line. Expresa unha opinión positiva ou negativa nun texto coherente sobre temas de actualidade (deporte, TV, Internet, novas tecnoloxías, redes sociais, lecturas, medio ambiente, saúde, etc.). Expresa sentimentos (alegría, satisfacción, decepción) nun email nunha carta a un amigo persoal Expresa impresións sobre un espectáculo: festival, concerto ou outro tipo de experiencia. Redacta un twit. Escribe un proxecto de vacacións, estudos, viaxe, etc. Escribe unha biografía partindo dunha | 20 horas |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **axuda, etc.). Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.<br>b. Execución: Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).<br><br>c. Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.) Reescritura definitiva.<br>B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria,** | **incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.<br><br>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br><br>B4.3. Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.<br><br>B4.4. Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.<br><br>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura** | **concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.<br>SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.<br><br>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes socias.<br>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.<br><br>SLEB4.5. Escribe, nun** | | **SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.<br><br>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes socias.<br><br>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información e solicitar un servizo respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.** | **información para completar e ordear. Expón formalmente un problema ou queixa, unha solicitude, unha reclamación ou xestión. Escribe unha carta para invitar un amigo coñecer a túa cidade** | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | corpo da carta, despedida e sinatura.<br><br>B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintácticodiscursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, causais, etc.). | clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máisespecífico dentro da propia área de especialización ou de interese. | formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema académico, ocupacional ou menos habitual, describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | | | | |
| **BLOQUE 5- COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE** | | | | | | | |
| OBXEC-TIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | C.C | ESTÁNDARES MÍNIMOS | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORA-LIZACIÓN |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>i<br>j | B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.<br><br>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e | B5.1. Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación. | SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.<br><br>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo | CCL,<br><br>CAA<br><br>CCEC,<br><br>CSC<br><br>CD | SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.<br>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, | | Todo ao longo do curso |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **comiñas.**<br><br>**B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes relevantes). Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á** | **B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.**<br><br>**B5.3. Utilizar, para a comprensión e a produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitoseducativo, ocupacional e institucional)** | **oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.**<br><br>**SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.**<br><br>**SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.**<br><br>**SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes** | | **adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.**<br><br>**SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.**<br><br>**SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia: Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición/concesión; finalidade; comparación; consecuencia; condición; estilo indirecto. Relacións temporais (alors que, tandis que). Exclamación. Negación (pas du tout). Interrogación (Question rapportée, ex: Il me demande à quelle heure commence le film?). Expresión do tempo: presente,** | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **propia.**<br><br>**B5.4. Plurilingüísmo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou restruturación da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.).**<br><br>**B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi** | **, e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.**<br><br>**B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.**<br><br>**B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.**<br><br>**B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos** | **para comunicar con eficacia** | | **pasado e futuro. Expresión do aspecto: puntual, durativo e habitual. Expresión da modalidade: factualidade; capacidade; posibilidade/probabilidade; necesidade; obriga/prohibición; permiso; intención/desexo (j'aimerais que/ je voudrais que/ j'aurais envie que/ ça me plairait que + Subj.); voix passive; condicional; cortesía. Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y"; a posesión (pronomes posesivos). Expresión da cantidade (environ, à peu près, plus ou moins, le double, le triple…, artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao. Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination). Expresión do tempo: puntual, indicacións de tempo, duración (toujours), secuenciación (pour conclure, comme conclusion), simultaneidade e frecuencia. Expresión do modo (Adv. de manière en -emment, -amment, ainsi).** | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **sinxela de opinións e advertencias. Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.**<br><br>**B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados: vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios, etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades comerciais; bens e servizos básicos; contorno (clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparellos de uso cotián), e e calquera outro que se considere de interese. Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.**<br><br>**B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias do idioma. Expresión de relacións lóxicas: conxunción;** | **habituais para iniciar e concluír o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila.**<br><br>**B5.7. Coñecer e utilizar léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.** | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **disxunción; oposición/concesión (seulement si, même si, quoique, malgré que + Subj. (para un feito real)); causa (étant donné que); finalidade (pour que, dans le but que, de façon/manière à ce que, afin que + Subj.); comparación (c'est le meilleur/pire … que + Subj., autant/tant); consecuencia (si bien que); condición (à condition de + Inf., à moins de + inf., au/dans le cas où (+ conditionnel)); estilo indirecto.<br>▪Relacións temporais (auparavant, alors que, en attendant, tant que, aussitôt, dès, tandis que).<br>▪Exclamación (Comme si…!).<br>▪Negación (pas question, pas du tout).<br>▪Interrogación (Question rapportée, ex: Il me demande à quelle heure commence le film?).<br>▪Expresión do tempo: presente; pasado (plus-que-parfait); futuro (futur antérieur).<br>▪Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (à cette époque là…); habitual (nº fois par… mois/an…); incoativo (être prêt à…); terminativo (arrêter de).<br>▪Expresión da modalidade: factualidade; capacidade; posibilliade/probabilidade(il est possible que, il se peut que); necesidade; obriga/prohibición (n'avoir qu'à…, il n'y a qu'à…); permiso (Puis-je…?); intención/desexo (exprimer le souhait qui concerne un** | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **autre: j'aimerais que/ je voudrais que/ j’aurais envie que/ ça me plairait que + Subj.); voix passive; condicional; cortesía.<br>▪Expresión da existencia, presentativos, a entidade(artigos, sustantivos,pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos, pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivais (lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel)); a cualidade; a posesión (pronomes posesivos).<br>▪Expresión da cantidade (environ, à peu près, plus ou moins, le double, le triple…, artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.<br>▪Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).<br>▪Expresión do tempo: puntual (demain à cette heure-là, hier à cette heure-ci,); divisións (hebdomadaire, mensuel, annuel…); indicacións de tempo, duración (toujours (ex: Il travaille toujours à Paris?); anterioridade (en attendant); posterioridade (à peine … que, aussitôt que); secuenciación (pour conclure, pour faire le bilan, si on fait le point, comme conclusion); simultaneidade (le temps de + Inf., une fois que); frecuencia (de temps en** | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **temps). Expresión do modo (Adv. de manière en -emment, -amment, ainsi).** | | | | | | |

## 6- Concrecións metodolóxicas da materia

A nosa metodoloxía está orientada á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán o alumnado para construír e decodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción dos devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda que son diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliables para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

É unha metodoloxía activa e interactiva. Isto é, o alumno ocupa o centro do proceso de ensino - aprendizaxe. Existe unha ampla participación e implicación do estudante neste proceso.Imos procurar crear situacións próximas ao alumnado para que consigan conformar os catro saberes: saber, saber facer, saber ser e saber estar. Así mesmo, creará contextos e situacións que representen retos para os alumnos; que os inciten a se cuestionar os seus saberes actuais; que os obriguen a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer co dos seus compañeiros, a xustificar e a interpretar con rigor, etc

Para traballar as competencias básicas relacionadas co dominio emocional e as habilidades sociais terán un especial protagonismo as actividades de planificación e execución de tarefas en grupo que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións.

Termos en conta a vida real do alumnado e as súas experiencias concretas para obtermos aprendizaxes significativas.

Partir dos seus coñecementos reais a fin de servir de apoio ás novas aprendizaxes.

Animar á reflexión, á dedución de conclusións a partir de observacións ou de exploracións, así como á confrontación de opinións, á inferencia racional e á verbalización das emocións.

Respectar as particularidades de cada alumno, adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.

Utilizar técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, e o da motivación.

Favorecer a autoavaliación como ferramenta para poñer de relevo a realidade e xulgala obxectivamente.

Habituar o alumnado ao traballo en grupo, pondo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade, e axudando ás tomas de decisión colectivas.

Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.

Crear un ambiente de colaboración, de distribución de tarefas e de responsabilidades, de identificación da cultura propia, de respecto ao patrimonio natural e cultural propio e ao dos demais.

Desenvolver un espírito de cidadanía responsable e comprometido cos valores esenciais da democracia.

## 7- Materiais e recursos didácticos

Os recursos fundamentais serán os bibliográficos e os medios audiovisuais.En 1º e 2º da ESO entramos no Edixgal polo que o alumnado contará con material audiovisual de duas editoriais que será empregado polo profesorado xunto con outros materiais. O libro de texto segue a ser o instrumento básico como recurso de utilización na aula que serán utilizados parcialmente polo alumnado, segundo criterio, para consulta ou elaboración de traballos no resto dos cursos.. Outros documentos poden ser fotocopias sobre temas diversos, a canción, a prensa escrita e gráfica, as bandas deseñadas, películas, reportaxes e documentais, así como de páxinas web.

- Video: DVD e cámara. - Canón.- Televisor.- 2 Reprodutores cd (e 1 radiocasette).

- Ordenadores. -Películas en DVD

- Dicionarios, gramáticas e enciclopedias (en papel e/ou dixitais) monolingües,bilingües, de sinónimos , antónimos, argot...

- Bibliografía de lecturas axeitadas por niveis (débutant, élémentaire, moyen, avancé), cos seus correspondendes cds. e de distintas editoriais: Santillana, Longman, Hachette, Eli, Oxford, S.M. ,Heinemann, Pearson Educación (col. Satellites)...

-Libros de texto:

O libro de apoio para e terceiro curso da ESOe 4 será Parachute 3/4 Santillana. 2015+caderno de exercicios + CD audio para a clase + CD audio para o traballo individual do alumno na casa.
En 1º e 2º de Bacharelato temos C´est à dire A1, A2.

## 8- Criterios de avaliación,cualificación e promoción do alumnado

As probas que se proporán nas tres avaliacións serán orais e escritas, presentadas sempre desde un punto de vista eminentemente práctico e, por suposto, sobre os temas tratados na clase. Ao longo do curso faranse un ou dous controis orais e un ou dous controis escritos por trimestre en todos os cursos de ESO e en 1º e 2º de Bacharelato; dado que se trata dunha avaliación continua, non haberá exames de recuperación, aínda que si pode haber alguna ficha ou actividade de reforzo para realizar na aula o na casa. Quere esto dicir que ao aprobar a 2ª avaliación queda recuperada a 1ª e o mesmo sucede ao

aprobar a 3ª avaliación que recupera todo o anterior, sempre e cando se aproben os dous últimos parciais.. Na convocatoria extraordinaria de setembro haberá unha proba escrita.

Utilizaranse para unha correcta avaliación os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

1. Observación sistemática por parte das profesoras.

2. Exercicios orais e escritos sobre as unidades traballadas.

3. Traballo en equipo: avaliándose a capacidade do alumnado para colaborar nas tarefas de grupo, asumindo o comportamento e á responsabilidade (data presentación dos traballos, etc.).

4. Traballos individuais.

5. Controis trimestrais tanto orais como escritos.

6. Pequenos diálogos escritos u orais.

7. Lecturas

. 8. Documentos audiovisuais con preguntas.

9. Exposicións orais.

10. Revisión do Caderno.

Criterios de cualificación:

O noso proceso de avaliación será:

• Continuo: recupérase un trimestre, superando o seguinte.

• Formativo ao longo de todo o curso.

• Sumativo: controis, traballo e actitude Faranse dous exames por avaliación que intentarán incluir todas as competencias aínda que non serán necesariamente realizadas no mesmo día.

Non se repetirá ningún exame por falta do alumnado si a falta non é xustificada debidamente, é dicir con xustificante médico

a-Comprensión oral: 10%

b-Produción oral e interacción:15%

c-Comprensión escrita:10%

d-Produción escrita: 15%

e- Contidos sintáctico-discursivos:40%

10% sumarase polo traballo persoal (ao nivel de cada alumno) na clase e na casa

( - Facer as tarefas a diario correctamente, con limpeza e coidado.Entregar as composicións e tarefas propostas na data marcada. - Estudiar a diario e para os exames. - Caderno . Chegar sempre a tempo e xustificar as faltas. • Traer sempre o material: son necesarios libro de texto, caderno persoal, o material

solicitado polo profesor. • Demostrar interese por mellorar e avanzar no estudio do idioma mediante: - A participación na clase. - O bo comportamento e actitude correcta (silenciosa e á vez participativa). - A actitude respetuosa cara todos os membros da clase. - Non abandono da asignatura. Consideramos abandono: - A non asistencia continuada e inxustificada á clase. - Non traer o material reiteradamente. - Non realizar as actividades propostas nin na aula nin na casa. - Deixar os exames en branco.)

Para facer media , será necesario acadar como mínimo o 50% nos apartados "a, b,c,d" e un 4 no apartado "e"

## 9- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

O alumnado conseguiu na súa maioría acadar os obxectivos propostos

O profesorado consigue impartir todos os contidos previstos

O alumnado estivo motivado

Conseguiuse involucrar ao alumnado na súa aprendizaxe.

Aumenta o número de alumnado

Consíguese alumnado de primeiro idioma.

Os resultados nas PAU son satisfactorios

Os resultados do DELF son positivos

Presentanse reclamacións oficiais.

## 10- Organización de actividades de seguimento e avaliación de materias pendentes,

O primeiro reforzo sitúase no ámbito da clase, coa atención individualizada.

Tendo en conta os bos resultados nesta materia estes últimos anos, continuaremos aplicando os mesmos métodos.

Neste curso non contamos con hora de atención a pendentes .

O Departamento de Francés do IES nº 1 estableceu que, para o alumnado con materias pendentes do anterior curso, o profesor de cada alumno con Francés pendente, e que asista e traballe regularmente no presente curso, avaliará os progresos lingüísticos na materia ao longo do curso. Se chega á conclusión de que este alumno acada o nivel de aprobado na materia do presente curso,considerará, loxicamente, que este mesmo alumno terá superada a materia do curso anterior e, polo tanto, aprobará sen máis o curso pendente. Sen embargo para acadar os obxectivos do ano actual será convinte que faga os exercicios de repaso do curso no que non estivo avaliado positivamente.

Caso de que non supere a materia do curso actual co profesor correspondente,o Centro ten establecidas dúas convocatorias oficiais, unha en febreiro e a outra en maio, ademais extraordinaria de setembro.

Caso de que un alumno aprobe a materia pendente en febreiro, esta quédalle aprobada na súa totalidade ata xuño, que pasará ás actas oficiais do centro. O mesmo ocurrirá se supera a materia en maio. De non aprobar nestas dúas convocatorias, pasaría a setembro na que se avaliará igualmente toda a materia do curso anterior. Para estas probas realízase por parte da Dirección un calendario para todos os Departamentos, e que se dá a coñecer previamente tanto ao profesorado coma ao alumnado.

Paro o alumnado que neste curso non estea matriculado en francés a Xefa de departamento entregaralles uns exercicios para revisar os contidos mínimos da materia, que deberán ser entregados an tes do exame previsto en febreiro. Estes exercicios suporán un 25% da nota final. De non entregarse esta porcentaxe descontarase do exame, é dicir, nunca poderá obter unha cualificación positiva superior a 7´5.

## 11.Procedementos para acreditar os coñecementos previos

Segun o Real decreto 126/2014 o alumnado podrá cursar en segundo materias que precisen da acreditación de coñecementos previos de alguna materia non cursada en primeiro.

Esta acreditación poderase realizar cursando simultáneamente a materia de primeiro coa que se vincula .

Nos casos nos que non sexa posible por organización do centro, esta materia tratarase de forma análoga as materias pendentes e o departamento didáctico que a imparte lle propoñera un plan de traballo cos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas e das probas parciais para superar a materia.

Será necesario superar a materia do primeiro curso para ser avaliado da de segundo.

## 12- Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

As clases distan moito de ser homoxéneas. Na avaliación inicial, por razóns sociolóxicas, familiares, de motivación, de intereses, de actitude, e sobre todo e case sempre, de capacidades de aprendizaxe… xa se detectan os diferentes niveis competenciais que os alumnos/as teñen nas diferentes materias. Se as dificultades son moi graves os alumnos están exentos desta materia para asistir a unhas clases máis personalizadas xa sean das linguas cooficiais ou as matememáticas. Se non é necesario porque as dificultades son mínimas asistirán a segunda lingua estranxeira pero tendo en conta as dificutades propias de cada rapaz.

Polo tanto, as diferenzas individuais no ensino é un dos aspectos fundamentais co que se vai enfrontar o profesor na aula. Este, de forma única e individual, terá ao seu alcance unha educación baseada na súa motivación, intereses e capacidades de aprendizaxe.

## 13-Atención á diversidade

O profesor debe ser moi consciente das desigualdades de inicio e tratar de que os alumnos de menos nivel acaden os coñecementos mínimos para superar a materia ao final do curso, así como de evitar que os máis atrasados non se desmotiven ata o punto de “pasar” da materia ou non dedicarlle o esforzo mínimo necesario para superala. Isto vai obrigalo a preparar material didáctico complementario adaptable aos diferentes niveis.

Debemos, pois, axustar a nosa acción de axuda pedagóxica a cada alumno e alumna en concreto, elixir os recursos didácticos adecuados en cada caso, e estar disposto a cambiar o rumbo, sempre que sexa preciso, da nosa estratexia metodolóxica.

Polo tanto a nosa metodoloxía é flexible e aberta, baseada en:

Alternarmos o traballo individual e en pequenos grupos.

Seguimento cotián deste alumnado susceptible de sufrir dificultades na súa aprendizaxe, por defecto ou por exceso.

Emprego de material didáctico achegado á realidade individual do alumno, e non en exceso teórico.

Cada alumno será tratado de xeito individual, evitando facer comparacións innecesarias e poida que prexudiciais.

Seguir de preto o traballo cotián, corrixindo e axustando os contidos aos obxectivos segundo os progresos acadados ou non.

Ofrecer unha gama variada de tarefas e actividades graduadas nos diferentes ámbitos: gramática, léxico, cultura, expresión e comprensión oral e escrita que permita avanzar comprensivamente aos distintos grupos segundo os seus niveis.

Por suposto, os grupos nunca deberán ser o máis homoxéneos pero sempre flexibles en composición e ritmo.

No caso de termos que realizar algún tipo de adaptación curricular, sempre deberá contar co asesoramento do Departamento de Orientación do centro e co visto bo da Inspección Educativa. E estas medidas deberán ser tomadas tanto na ESO coma no Bacharelato diúrno e, sobre todo, no de Adultos.

En canto a adaptción , non sempre é a mínimos ,algúns alumnos poden necesitar reforzo pero a máximos. Este ano non se detectou ningún caso de superdotación. Temos dous irmáns sin embargo que saben falar francés (seu pai é Francés), estes rapaces terán un traballo diferente para correxir a súa ortografía e potenciaráselle a lectura en lingua francesa (B.D, lectures faciles, ..)

## 14- Concreción dos elementos traversais

Non se fará unha programación específica da elementos transversais. Aproveitarase a aportación do método empregado para afianzar esa educación en valores que se presupón xa ven das familias, de todos xeitos na aula manterase un ambiente de respecto, potenciando a autoestima, a tolerancia, a diversidade de opinións, respetando o noso corpo, a nosa saúde e a dos demais, eliminando tabús e enfrontándose aos problemas propios e alleos con responsabilidade e madurez na medida do posible, en resumo mantendo un clima de boa convivencia.

Ademáis de fomentar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual , as tecnoloxías da información e da comunicación, a educación cívica e as iniciativas emprendedoras, intentarase fomentar a educación para a igualdade de oportunidades para ambos sexos que se pode traballar dende: a linguaxe non discriminatoria nas relacións diarias e nos textos empregados.Corrección de prexuízos sexistas e discriminatorios en comportamentos, roles, lingua… Potenciar a autoestima dos dous xéneros por igual. Acercarse á realidade corporal como expresión da propia personalidade. A igualdade en todas as parcelas vitais: traballo, fogar, deporte, lecer…

A convivencia cotiá, nos diferentes aspectos da vida, precisa que se amose o máximo respecto polas normas básicas, con actitudes sociais solidarias, dos distintos ámbitos e nas diferentes partes do mundo.Empezando claro está polo ámbito máis cercano, aula, corredores, instituto…

Intentarase  inculcarlle ao alumnado a idea de que a paz entre os distintos pobos e nación do mundo e fundamental. Os conflictos nacionais e/ou internacionais son o xerme para violación das máis elementais regras e dereitos de respecto e convivencia entre as distintas razas e culturas do mundo. Os textos, pois, incidirán nesta idea sobre todo un momento de gran globalización económica que debe estenderse aos ámbitos sociais e culturais.

Pretenderase formalos na mentalidade de que as compras deben ser as necesarias, evitando no posible fuxir dunha sociedade enormemente mercantilizada de consumo irresponsable. Nun momento dunha importante e crecente deslocalización empresarial, comercial e industrial na busca do maior beneficio, producindo en países pobres do terceiro (e cuarto) mundo e moitas veces mediante a explotación dos obreiros (moitas veces emigrantes doutros países máis pobres) e mesmo vulnerando a idade mínima para traballar, como é o caso da explotación dos nenos.

No Bacharelato potenciarase  ao máximo o respecto polo medio no que vivimos e do que vivimos. A ecoloxía é un dos temas máis candentes da actualidade: o cambio climático está a provocar a desaparición de especies do reino animal e vexetal, , a suba das temperaturas, o cambio climático…

Tamén se acercará ao mundo do sexo sen tabús nin falsos prexuízos .Tratarase o tema do maltrato físico, psicolóxico, a través das redes sociais, etc. Fomentarase o respecto ante a igualdade de oportunidades, o equilibrio psicolóxico e sempre tratando de conseguir que as relacións de parella sexan sas, abertas e satisfactorias. Inculcarlles tamén o respecto polas diferentes maneiras de vivir a sexualidades: hetero, homo…

Os avances técnicos: os seus límites técnicos e tamén éticos ,tamén tema de actualidade e que forma parte da súa vida cotiá

A globalización: vantaxes e desvantaxes s dos diferentes aspectos: política, económica, social, cultural…

A emigración: aspectos socio-económicos e culturais

O mundo do traballo e as relación laborais

## 15.- Actividades complementarias e extraescolares

Canto ao ensino-aprendizaxe dunha lingua estranxeira, a posibilidade de levar a cabo actividades extraescolares é certo que é escasa. Podemos citar:

-Intercambios con alumnado de calquera país francófono coa idea de perfeccionar no país nativo o francés.

-Para este curso abrimos a posibilidade de facer unha viaxe cultural

-Teatro: estes últimos anos o Departamento de francés acode cos alumnos á representación dunha obra de teatro organizados por La bohème théâtre. Este curso esperamos volver a repetir a experiencia pasada cunhas mínimas nocións do texto, autor e época.

-O uso das novas tecnoloxías (sobre todo Internet) son un magnífico medio de busca de información sobre lingua, cultura, xeografía, arte, música, intercambio con outros alumnos

-Visionado de películas e/ou documentais en francés comentando antes e/ou despois o argumento, os personaxes, a ambientación, a dirección, os actores… E no posible, a lingua. -Colaboración na Semana das Letras que cada ano se celebra no noso centro.

Ata agora, unha das actividades de máis éxito consistía nun Recital Multilingüe no que se lían e/ou recitaban textos ou poemas en francés.

-Ao longo do curso, e dependendo das diversas programacións culturais da Universidade, Concellos, Caixas de Aforros, a Alianza francesa, nas que é frecuente a proxección de cine en francés, de exposicións, conferencias, etc. tentaremos asistir ás mesmas co noso alumnado.

## 16- Mecanismos de revisión , avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e proceso de mellora.

Ao remate de cada avaliación e mesmo si é necesario na reunión de departamento mensual efectúase unha avaliación da programación, tanto dos obxectivos acadados, ou non, polo alumnado, como do mesmo proceso de ensino- aprendizaxe. O marco é, loxicamente, a Programación, verdadeiro referente a ter en conta na avaliación final. Deste xeito, estarán presentes os resultados obxectivos (notas) acadados,ademáis do grao de desenvolvemento das competencias clave , os procedementos e instrumentos de avaliación, práctica docente, a idoneidade da metodoloxía empregada, dos soportes utilizados, a adecuación dos obxectivos e contidos programados, á realidade dos estudantes, o clima creado nas aulas, o nivel de consecución nas competencias básicas, nos valores transversais, etc.

A medida que o curso avanza a programación poderá ser modificada para ser adaptada a realidade coa que nos atopamos. Trátase de obter os mellores resultados posibles traballando co alumnado que nos atopemos e coa súa realidade e motivación.

E así debe ser afin de tirar consecuencias para os vindeiros cursos, sobre todo no intre da preparación da nova Programación: evitar os erros cometidos, axustar obxectivos e contidos ás novas realidades, ir incorporando novas tecnoloxías que o contorno tecnolóxico e social demandan, etc.

## 17.- Constancia de información ao alumnado

Despois dos primeiros días de clase e cando os grupos estean ben definidos, entregaráselle ao delegado/a de cada curso os obxectivos, contidos ,criterios de cualificación... para que sexa exposto na súa aula de referencia. As datas de avaliación serán consensuadas entre as profesoras e o alumnado.

Eu......................................recibo no día................................................................................ os

obxectivos, contidos e criterios de cualificación para expoñelos na aula en sitio visible.

RESUMO

1º ESO

**Procedementos e Instrumentos de avaliación**

- A observación diaria do traballo en clase do alumno.
- O Caderno como instrumento valioso para avaliarmos o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe.
- As probas de comprensión oral por medios mecánicos (Radiocasete, vídeo, tele...) ou a voz do profesor, e de expresión: repetindo a frase escoitada ou contestando ás preguntas do profesor (ou medio mecánico), sendo o diálogo libre ou sobre un texto coñecido a norma corrente de expresión.
- Na expresión oral , terase en conta a participación activa en pequenos diálogos, nos intercambios cos compañeiros ou co profesor, utilizalo francés como lingua vehicular na aula dentro das súas posibilidades.
- Probas escritas. Nestas probas podemos utilizar o ditado, completar frases, a redacción,sinónimos / antónimos, exercicios morfo-sintácticos e gramaticais, etc.
- Exercicios de comprensión oral - expresión escrita: escribir o que acabamos de oír, en frases completas ou palabras soltas de recheo...
- Exercicios de lectura focalizando a entoación, a fonética e o ritmo.
- A análise do esforzo, a puntualidade, a corrección e limpeza na entrega de traballos.

**Criterios de cualificación**

**Faranse un ou dous exames por avaliación que intentarán incluir todas as competencias aínda que non serán necesariamente realizadas no mesmo día.**

**Non se repetirá ningún exame por falta do alumnado si a falta non é xustificada debidamente, é dicir con xustificante médico.**

a-Comprensión oral: 10%

b-Produción oral e interacción:15%

c-Comprensión escrita:10%

d- Produción escrita: 15%

e-Contidos sintáctico-discursivos:40%

Actitude, esforzo, traballo, caderno, deberes: 10% .Este punto poderá aplicarse tanto positiva como negativamente.

Para facer media , será necesario acadar como mínimo o 50% da nota dos apartados " a,b,c,d," e ter como mínimo un 4 no apartado "e"

## CONTIDOS MÍNIMOS

**Estes contidos terán que ser asimilados e o alumnado deberá ser capaz de poñelo en práctica na C.O, P.O e interacción, C.E. e P.E.**

1.Expresión de relacións lóxicas: conxunción (et); disxunción (ou); oposición (mais); causa (parce que); finalidade (pour); comparación (plus, moins); explicativas (parce que).

2.Relacións temporais (avant, après).

3.Exclamación (Oh là là! On y va!) ; interxección (oui!, non! Zut!)

4.Negación (ne/n'…pas).

5.Interrogación (qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui, non); est-ce que?; adjectif interrogatif (p. ex. quel est ton sport préféré?).

6.Expresión do tempo: presente; futuro (présent, futur proche); impératif.

7.Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (présent).

8.Expresión da modalidade: factualidade (phrases déclaratives); capacidade (pouvoir); necesidade (il faut+infinitif); obriga/prohibición (il faut, imperativo); permiso (pouvoir : est-ce que je peux… ?); intención/desexo (vouloir); cortesía (distinction tu/vous).

9.Expresión da existencia (presentativos, c'est, ce sont); da entidade (p. ex. articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques); os presentativos (ex. c'est, voilà, il est); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. il y a, il n'y a pas); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).

10.Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeros números ordinais articles partitifs). Adverbios de cantidade e medidas (un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube

11.Expresión do espazo (prépositions et adverbes de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville).

12.Expresión do tempo: puntual (l'heure, moments du jour (le matin, le soir)) ; indicacións de tempo (aujourd'hui); duración (de… à); secuenciación (à partir de + heure); frecuencia (d'habitude).

13. Expresión do modo (à / en + medios de transporte).

2º ESO

## Procedementos e instrumentos de avaliación

A observación do traballo diario do alumno na clase.

Caderno de clase será un valioso instrumento á hora de avaliar o desenvolvemento do proceso aprendizaxe do alumno.

As probas orais de comprensión, utilizando medios mecánicos (Radiocasete, vídeo, tele...) ou a voz do profesor; e de expresión: repetindo a frase escoitada ou contestando ás preguntas do profesor (ou medio mecánico), sendo o diálogo libre ou sobre un texto coñecido a norma corrente e expresión.

Probas escritas, sen que supoñan unha valoración definitiva cara á avaliación (como viña sendo habitual). Nestas probas podemos utilizar o ditado, completar frases, a redacción, sinónimos / antónimos, exercicios morfo-sintácticos e gramaticais, etc.

Exercicios de comprensión oral - expresión escrita: escribir o que acabamos de oír, en frases completas ou palabras soltas de recheo...

Exercicios de lectura focalizando a entoación, a fonética e o ritmo.

A análise do esforzo desempeñado polo alumno, así como a puntualidade, corrección e limpeza na entrega de traballos.

**2.9.- Criterios de cualificación**

**Faranse dous exames por avaliación que intentarán incluir todas as competencias aínda que non serán necesariamente realizadas no mesmo día.**

**Non se repetirá ningún exame por falta do alumnado si a falta non é xustificada debidamente, é dicir con xustificante médico.**

a.Comprensión oral: 10%

b.Produción oral e interacción:15%

c-Comprensión escrita:10%

d.Produción escrita: 15%

e.Contidos sintáctico-discursivos:40%

Actitude, esforzo, traballo, caderno, deberes: 10% .Este punto poderá aplicarse tanto positiva como negativamente.

Para facer media , será necesario acadar como mínimo o 50% da nota dos apartados " a,b,c,d," e ter como mínimo un 4 no apartado "e"

**Contidos mínimos**

Todos os contidos mínimos deben ser adquiridos nas catro destrezas :comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita.

C.O/ E:O .

O alumnado debe ser capaz de pedir, dar, rexeitar o permiso para realizar unha actividade, para ir ou rexeitar unha cita dando excusas,

Debe ser capaz de expresar os seus gustos con respecto a comida, debe ser capaz de ofrecer un alimento, aceptalo ou rexeitalo. Ser capaz de falar dos ingredientes dunha comida, dos utensilios a empregar na confección dun plato,

Debe saber orientar e orientarse nunha vila, nun supermercado, ...dando ou seguindo as diferentes orientacións.

Debe saber dar e informarse sobre precios, horarios...

Falar da saúde , dos medicamentos, dalgúns síntomas.

Terá que ser capaz de contar acontecementos, historias reais ou imaxinarias en presente, en pasado, ou en futuro próximo.

C.E/E:E :

En canto as destrezas relacionadas coa escritura o alumnado ten que:

Ser capaz de escribir unha invitación a un aniversario ou calquera outro acontecemento,entendela e lela se a recibe.

Comprender un menú dun restaurante e saber confeccionar outro para un día especial ou ordinario. Interpretar unha receita de cociña sinxela e ofrecer outra.

Terá que ser capaz de redactar acontecementos, historias reais ou imaxinarias en presente, en pasado, ou en futuro próximo.

Para conseguilo ten que traballar Verbos en presente, passé composé e futuro próximo

As horas

Os lugares dunha vila

Diferentes comercios ou tendas.

Os alimentos e utensilios

Os adverbios e preposicións de lugar, de tempo.

A saúde

O tempo meteorolóxico

3º ESOB

## Procedementos e instrumentos de avaliación

A observación do traballo diario do alumno na clase.

Caderno de clase será un valioso instrumento á hora de avaliar o desenvolvemento do proceso aprendizaxe do alumno.

As probas orais de comprensión, utilizando medios mecánicos (Radiocasete, vídeo, tele...) ou a voz do profesor; e de expresión: repetindo a frase escoitada ou contestando ás preguntas do profesor (ou medio mecánico), sendo o diálogo libre ou sobre un texto coñecido a norma corrente e expresión.

Probas escritas, sen que supoñan unha valoración definitiva cara á avaliación (como viña sendo habitual). Nestas probas podemos utilizar o ditado, completar frases, a redacción, sinónimos / antónimos, exercicios morfo-sintácticos e gramaticais, etc.

Exercicios de comprensión oral - expresión escrita: escribir o que acabamos de oír, en frases completas ou palabras soltas de recheo...

Exercicios de lectura focalizando a entoación, a fonética e o ritmo.

A análise do esforzo desempeñado polo alumno, así como a puntualidade, corrección e limpeza na entrega de traballos.

## Criterios de cualificación

**Faranse dous exames por avaliación que intentarán incluir todas as competencias aínda que non serán necesariamente realizadas no mesmo día.**

**Non se repetirá ningún exame por falta do alumnado si a falta non é xustificada debidamente, é dicir con xustificante médico**

a-Comprensión oral: 10%

b-Produción oral e interacción:15%

c-Comprensión escrita:10%

d-Produción escrita: 15%

e- Contidos sintáctico-discursivos:40%

Actitude, esforzo, traballo, caderno, deberes: 10% .Este punto poderá aplicarse tanto positiva como negativamente.

Para facer media , será necesario acadar como mínimo o 50% nos apartados "a, b,c,d" e un 4 no apartado "e"

## CONTIDOS MÍNIMOS

### Estes contidos terán que ser asimilados e o alumnado deberá ser capaz de poñelo en práctica na C.O, P.O e interacción, C.E. e P.E.

### Contidos sintáctico-discursivos

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (et); disxunción (ou); oposi-ción (par contre); causa (comme); finalidade (afin de + Inf.); compa-ración (plus/moins que); consecuencia (donc); explicativas (parce que).

Relacións temporais (de… à, dans, il y a, en).

Exclamación (Oh là là! On y va! Quel+nom !); locutions adverbiales (Tout fait ! Bien sûr !)

Negación (negación nos tempos compos-tos).

Interrogación (que, quoi; inversión (V + Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non, pron. tonique + aussi/non plus).

Expresión do tempo: presente; pasado (pas-sé récent, passé com-posé: participes passés avec les accords); futuro (futur proche). Introdución do condicional (fórmula de cortesía: j'aimerais).

Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: toujours, d'habitude); incoati-vo;terminativo (venir de + Inf.).

Expresión da modalida-de: factualidade (phra-ses déclaratives); capacidade (être capable de); posibi-lliade/probabilidade (peut-être); necesidade (avoir besoin de + infini-tif, il faut); obri-ga/prohibición (il faut, verbe devoir, imperativo); permiso (pouvoir, demander); intención/desexo (avoir envie de) ; cortesía.

Expresión da existencia (presentativos); a entidade (articles, noms composés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs; proposicións adxectivais (qui/que)); a cualidade (posición dos ad-xectivos, facile/ difficile à…); a posesión (adxectivos posesivos).

Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; articles partitifs). Adverbios de cantidade e medidas (un (tout petit) peu, trop, (beaucoup) trop, pas assez + Adj., un pot, kilomètres…); o grao.

Expresión do espazo (prépositions et adver-bes de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).

Expresión do tempo: puntual (moments du jour (le matin, le soir), demain matin, jeudi soir) ; divisións (au … siècle, en (année)); indi-cacións de tempo (après-demain, avant-hier, tout de suite); duración (maintenant); anterioridade (l y a…que); posterioridade (plus tard); secuencia-ción (finalement); simul-taneidade (au moment où, en même temps); frecuencia (d'habitude, une/deux/… fois par…).

Expresión do modo

4º ESO

**Procedementos e instrumentos de avaliación**

A observación do traballo diario do alumno na clase.

Caderno de clase será un valioso instrumento á hora de avaliar o desenvolvemento do proceso aprendizaxe do alumno.

As probas orais de comprensión, utilizando medios mecánicos (Radiocasete, vídeo, tele...) ou a voz do profesor; e de expresión: repetindo a frase escoitada ou contestando ás preguntas do profesor (ou medio mecánico), sendo o diálogo libre ou sobre un texto coñecido a norma corrente e expresión.

Probas escritas, sen que supoñan unha valoración definitiva cara á avaliación (como viña sendo habitual). Nestas probas podemos utilizar o ditado, completar ,frases, a redacción, sinónimos / antónimos, exercicios morfo-sintácticos e gramaticais, etc.

Exercicios de comprensión oral - expresión escrita: escribir o que acabamos de oír, en frases completas ou palabras soltas de recheo...

Exercicios de lectura focalizando a entoación, a fonética e o ritmo.

A análise do esforzo desempeñado polo alumno, así como a puntualidade, corrección e limpeza na entrega de traballos.

**Criterios de cualificación**

**Faranse dous exames por avaliación que intentarán incluir todas as competencias aínda que non serán necesariamente realizadas no mesmo día.**

**Non se repetirá ningún exame por falta do alumnado si a falta non é xustificada debidamente, é dicir con xustificante médico**

a-Comprensión oral: 10%

b-Produción oral e interacción:15%

c-Comprensión escrita:10%

d-Produción escrita: 15%

e- Contidos sintáctico-discursivos:40%

Actitude, esforzo, traballo, caderno, deberes: 10% .Este punto poderá aplicarse tanto positiva como negativamente.

Para facer media , será necesario acadar como mínimo o 50% nos apartados "a, b,c,d" e un 4 no apartado "e"

**Contidos mínimos**

Todos os contidos mínimos deben ser adquiridos nas catro destrezas :comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita.

C.O./E.O.

O alumnado debe ser capaz de suxerir, supoñer, expresar sentimentos, accións.

Debe ser capaz de entender cando se fala de alguén ou de sí mesmo, e ser capaz de expresarse para aceptar, rexeitar os comentarios , argumentar, acusar, negar, defenderse, agradecer, expresalo pesar...

Ten que ser capaz de obter información de xeito oral, sobre diferentes formas de aloxamento, características, prezos, localización, medios de transporte...

C.E/E.E

O alumnado ten que ser capaz de escribir e comprender unha carta formal ofrecendo ou pedindo información sobre viaxes, aloxamento, qué visitar ou como desprazarse...

Debe ser capaz de escribir un artigo dando unha opinión sobre unha película, unha obra de teatro, un concerto...

Para conseguilo ten que traballar:

•Faire une hypothèse au présent (révision)

•Le futur de quelques verbes irréguliers (1)

•Les pronoms personnels,possessifs, démonstratifs

•C'est moi qui... (la mise en relief)

•L'emploi des auxiliaires

•Le grammaire du français parlé

•Expressions de temps

•Les opérations mathématiques

•Les pronoms en et y (revisión)

•Faire une hypothèse à l'imparfait

•Le conditionnel présent

• •Les adverbes de temps

•Le conditionnel des verbes irréguliers

•Les articles partitifs

•Les pronoms démonstratifs neutres

•Aussi/Non plus

•Les adjectifs e pronoms indéfinis

•La négation restrictive ne...que

•Il est + adjectif + de + infinitif

•Le discours indirect

•Le subjonctif présent

# 1º BAC – 1ª L.E. .-

**Criterios de cualificación**

Exame das 4 destrezas:(CO-EO , CE-EE ,) e GRAMATICAL 80%.

Na parte gramatical, neste curso acordamos que será necesario acadar un 4 sobre 10 para poder facer media coas outras destrezas e criterios.

Caderno, traballos de casa, dedicación e esforzo, traballo na clase, etc... 10 %

Comportamento e actitude 10%. (que tanto se pode aplicar positiva como negativamente)

**Contidos mínimos exixibles**

C.O /E.O

O alumnado ten que ser capaz de falar e entender a un interlocutor ou interlocutores cando os temas que se traten estén relacionados coa familia, amigos,vida social,lecer, mundo laboral,estudos,

climatoloxía, deportes, vila, aloxamento, vivenda, vacacións pasadas ou futuras, medios de transporte, saúde .Debe ser capaz de expresar sentimentos, estados de ánimo, desexos, frustacións...e entender como se sinten os demáis xa sexa en conversas reais ou a través de calquer outro medio coma radio, televisión...

Debe ser capaz de responder a unha entrevista, ou a unha enquisa

C.E./E.E

O alumnado ten que ser capaz de entender e escribir e-mails, ,expoñer opinións sobre os temas traballados (familia, amigos, vida social,lecer, estudos, mundo laboral, climatoloxía, deportes, vila, aloxamento, vivenda, vacacións pasadas ou futuras, medios de transporte, saúde..) Ten que ser capaz de tomar notas, apuntamentos, argumentar, facer itinerarios, escribir un C.V., unha carta de presentación. Confeccionar unha guía turística, facer publicidade dun produto , cidade

# 2º BAC 1ª L.E.

Contidos mínimos exixibles

C.O /E.O

O alumnado ten que ser capaz de falar e entender a un interlocutor ou interlocutores cando os temas que se traten estén relacionados co amor, amizade, scoloxía, enerxías renovables, expresións artísticas

( pintura,teatro, cine...)

Debe ser capaz de describir un acontecemento, unha imaxe, un cadro..

Ten que ser quen de entender e desenvolverse falando de estudos, traballos, restauración, cartos de peto...

Debe ser capaz de expoñer as súas opinións en canto a medios de comunicación, prensa,radio, televisión, Inernet, cadeas , emisións...Falar e entender cando escoita falar de consumo responsable, comercio electrónico...

Debe ser capaz de responder a unha entrevista, ou a unha enquisa

## C.E./E.E

O alumnado ten que ser capaz de entender e escribir e-mails, ,expoñer opinións sobre os temas traballados (amor , amizade, viaxes, mundo do traballo, os cartos, o consumo responsable, o coidado da natureza....) Ten que ser capaz de tomar notas, apuntamentos,argumentar, dar consellos, expresar o descontento, rexeitar accións, escribir artigos para un xornal, cartas formais ..., formular hipóteses..

Para conseguilo ten que dominar o vocabulario específico dos temas anteriores, empregar correctamente os tempos verbais do presente, pasado, futuro,condicional, imperativo, subxuntivo, xerundio.

Saber crear frases hipotéticas, condicionais, finais, causais, consecutivas.

Ten que ser que de transcribir ideas, accións frases de outras persoas ( estilo indirecto)

Debe ser capaz de empregar a nominalización e a voz pasiva.

2.8.Avaliación: Criterios- procedementos- instrumentos

(ver secuenciación de unidades didácticas)

2.9.- Criterios de cualificación

Se temos en conta que o Segundo curso de Bacharelato, Primeira lingua, está mediatizado pola Proba de Selectividade de ingreso na Universidade, e na que están totalmente regulados os tipos de probas e as puntuacións correspondentes, e sen abandonar o aspecto oral da lingua por canto existe unha proba voluntaria de audición e expresión escrita, o groso dos contidos van ser de tipo escrito: comprensión e expresión.

Parécenos, ademais, pertinente que o alumno vaia a esta proba preparado no fondo e na forma, polo que adoptaremos as normas de avaliación e de cualificación reguladas pola Universidade.

Así, faremos dúas probas:

## A.- PROBA ESCRITA:

O alumno elixirá un dos dous textos propostos (dunhas 300 palabras), de tipoloxía variada, nun rexistro de lingua estándar, e deberá responder en francés ás catro preguntas que se lle formulen sobre o mesmo:

- Primeira pregunta: test de comprensión do texto (método: verdadeiro/falso). 2 puntos.

- Sengunda pregunta: verificar o coñecemento práctico sobre léxico e morfosintaxe.

Deberá transformar ou completar estruturas oracionais, substituír elementos dunha oración, sinónimos…3 puntos.

- Terceira pregunta: Pequena redacción en francés (sobre 100 palabras), sobre a temática do texto, e valorarase a coherencia do discurso, a fluidez na expresión, a corrección morfosintáctica, así como a riqueza de recursos expresivos.

Puntuaranse deste xeito:

Fluidez e morfosintaxe, 1,5 puntos;

Ortografía: 0,5 puntos;

Riqueza e recursos expresivos, 1 punto;

Contido (organización, presentación de ideas, encadeamentos lóxicos, claridade expositiva), 1 punto.

Valorarase negativamente a non consecución regular destes obxectivos

B.- PROBA DE AUDICIÓN

Constará dunha audición dun documento audio en francés (repetida tres veces), dunha duración duns 3 minutos, e haberá que cubrir un test de resposta múltiple.( 1 punto)

## 1º BAC 2ª L.E.

Contidos mínimos

C.O /E.O

O alumnado ten que ser capaz de falar e entender a un interlocutor ou interlocutores cando os temas que se traten estén relacionados coa familia, amigos, vida social,,lecer, mundo laboral,estudos,climatoloxía, deportes, vila, aloxamento, vivenda, vacacións pasadas ou futuras, medios de transporte, saúde.

Debe ser capaz de expresar sentimentos, estados de ánimo, desexos, frustacións...e entender como se sinten os demáis xa sexa en conversas reais ou a través de calquer outro medio coma radio, televisión...

Debe ser capaz de responder a unha entrevista, ou a unha enquisa

C.E./E.E

O alumnado ten que ser capaz de entender e escribir e-mails, ,expoñer opinións sobre os temas traballados (familia, amigos, vida social,,lecer, estudos, mundo laboral,climatoloxía, deportes, vila, aloxamento, vivenda, vacacións pasadas ou futuras, medios de transporte, saúde..) Ten que ser capaz de tomar notas, apuntamentos, argumentar, facer itinerarios, escribir un C.V., unha carta de presentación. Confeccionar unha guía turística,m facer publicidade dun produto , cidade...

Criterios de cualificación

Exame das 4 destrezas:(CO-EO , CE-EE ,) e GRAMATICAL 80%.

Na parte gramatical, neste curso acordamos que será necesario acadar un 4 sobre 10 para poder facer media coas outras destrezas e criterios.

Caderno, traballos de casa, dedicación e esforzo, traballo na clase, etc... 10 %

Comportamento e actitude 10%..

## 2º BACHARELATO 2ª L.E:

Criterios de cualificación

Atopámonos que nestes últimos anos que, incluso o alumnado que cursa francés como 2ª L.E. se presenta as probas de selectividade con francés en vez de inglés. E por ese motivo, e para darlles a opción a obter bos resultados , que decidimos seguir os mesmos criterios de cualificación que seguimos para a 1ª L.E. Hai que decir que ata o momento os resultados obtidos son satisfactorios polo que temos pensado seguir nesta liña.

A.- PROBA ESCRITA:

O alumno elixirá un dos dous textos propostos (dunhas 300 palabras), de tipoloxía variada, nun rexistro de lingua estándar, e deberá responder en francés ás catro preguntas que se lle formulen sobre o mesmo:

- Primeira pregunta: test de comprensión do texto (método: verdadeiro/falso). 2 puntos.

- Sengunda pregunta: verificar o coñecemento práctico sobre léxico e morfosintaxe. Deberá transformar ou completar estruturas oracionais, substituír elementos dunha oración, sinónimos…3 puntos.

- Terceira pregunta: Pequena redacción en francés (sobre 100 palabras), sobre a temática do texto, e valorarase a coherencia do discurso, a fluidez na expresión, a corrección morfosintáctica, así como a riqueza de recursos expresivos.

Puntuaranse deste xeito: fluidez e morfosintaxe, 1,5 puntos;

Ortografía: 0,5 puntos;

Riqueza e recursos expresivos, 1 punto;

Contido,(organización, presentación de ideas, encadeamentos lóxicos, claridade expositiva), 1 punto.

Valorarase negativamente a non consecución regular destes obxectivos

B.- PROBA DE AUDICIÓN

Constará dunha audición dun documento audio en francés (repetida tres veces), dunha duración duns 3 minutos, e haberá que cubrir un test de resposta múltiple.( 1 punto)